

## Escavación arqueolóxica en área no soar n.º 5 da rúa Romero Nieto, Xinzo de Limia

EDUARDO-BREGÁN NIETO MUÑIZ

A situación do soar na zona vella da vila de Xinzo de Limia, inventariado como xacemento arqueolóxico polos abundantes restos romanos nela localizados, levaron a practicar unhas sondaxes arqueolóxicas previas á construción dun predio de vivendas de promoción privada, cuxo resultado positivo levou a unha escavación en área.

A escasa fondura, entre 20 e 30 cm, localizáronse unha serie de muros de cachotería con orientación S.SE-N.NW e W.NW-E.SE, conservados nunha altura de non máis de 40 cm, apoiados sobre o terreo natural. Esta orientación coincide coa doutros muros localizados noutras escavacións da zona. Definen estes muros tres espazos ou estancias, limitadas polo E e W por dous muros principais que percorren todo o longo do soar, ata se perderen ambos baixo os seus límites. O muro W coincide practicamente co peche actual do soar, se ben sabemos da recente realiañación deste. No escaso 1 m que separa ese muro W co muro de bloques actual localizáronse dous niveis de rúa superpostos, cunha diferenza de cota duns 40 cm, marcando dúas fases de construción que confirman os dous momentos principais de ocupación que se veñen supondo para o Xinzo romano, o século I e o III d. C. Neste muro de peche W detectáronse varias reformas, coincidindo coa apertura de dúas entradas, cada unha correspondente a cadanseu nivel de rúa e a estancias diferentes. Máis aló do muro E, pola súa vez, só puidemos constatar a total ausencia de restos estruturais, entendéndoo como o límite traseiro das estruturas descubertas. Paralelo a este muro E, a escasos 50 cm de separación cara ao interior, localizamos o negativo dun muro desmontado; son as marcas deste muro as que se relacionan máis claramente co resto das estruturas, quedando o muro E algo descolgado e apenas sen estratigrafía que o contextualice con precisión, se ben o concibimos como anterior ao que deixou o negativo. Entre estes dous muros de peche principais dispóñense tres paredes lonxitudinais, que definen os diferentes espazos dos que falamos, todos de 12 m de fondo respecto da rúa e do muro W, con anchuras de 9, 5 e 3 m, máis amplas canto máis ao S.

O espazo máis ao S límitase na súa metade E por un muriño de menor entidade que o resto, estendéndose na metade W baixo o testemuño S. Este muriño, xunto con outros de semellante factura (un deles cun perpiaño incorporado a modo de pedestal e restos de tégula reaproveitada) habería que relacionalos máis cunha compartimentación traseira dese espazo S, que puidera ser un espazo non cuberto, a xeito de patio. A este espazo S abre unha das portas localiza-

das cara á rúa, cun oco de 3 m de anchura, marcada por dúas pezas laterais traballadas, nas que se aprecia o couzón o suco de extracción das dúas follas que a formaban; o sistema de peche era mediante tranca vertical, como testemuña a pedra con rebaixe en posición central. As follas abrían cara ao interior, batendo cara á rúa contra uns perpiaños con claros indicios de gastado, marcando o nivel de rúa superior xunto con anacos de tella machucada e grava (glarea). Cara ao interior, os perpiaños crean un chanzo de 30 cm de altura, se ben o nivel de uso da porta parece corresponderse a un recheo a base de tégula e cascallos que suavizaban o chanzo, permitindo unha entrada en rampla. Esta porta aproveita como asento a parte baixa do muro de peche W, que se relaciona, pola súa banda, co nivel de rúa inferior, cunha glarea de maior consistencia. Sería o recrecemento da rúa o que fixo precisa a construción dunha porta ao novo nivel, provocando outra serie de reformas. Unha delas foi o tapiado do outro van de entrada, coincidindo coa estancia inmediatamente ao N da anterior. Este oco, de idénticas dimensións ca o anterior, correspóndese coa primeira fase de ocupación; trátase, neste



Detalle da porta e da rúa superior



Vista xeral do soar

caso, dunha entrada terreira; é dicir, cun nivel de uso interior que se estende sen solución de continuidade cara ao exterior, coincidindo co nivel de rúa inferior.

As reformas tras a suba de cota da rúa e do tapiado da porta levaron tamén a un reenchido do nivel interior, selando tres fogares de base de tégula que servirían de quecemento dese amplo espazo, que contaba cunha boa pavimentación de *Opus Signinum*. Parello a este reenchido parece ser a reparación do muro que pecha este espazo polo N, colocándolle un baseamento a base de laxes transversais, formando unha liña de zapatas de 80 cm da anchura no que apoia a nova parede.

O espazo máis pequeno ao N do anterior non puido ser ben definido, por verse afectado en maior medida por construcións e canalizacións xa do século XX, que desmontaron o muro que o limita ao N. De todos os xeitos, púidose comprobar a cimentación deste a unha cota superior ca o resto.

Percorrendo o sector W de todo o soar, localizamos un profundo desnivel con sucesivas capas de recheo, describindo

un profundo cavorco na capa de area natural de cerca de 1,50 m de fondura e 4 m de ancho. Os depósitos que o cegan parecen naturais, con numerosos mogotes de óxido de ferro. Chegando á cota da primeira fase de ocupación, parece que sufriu un intencionado reenchido e apisoado na procura da solidez precisa para a construción dos muros; co tempo, este terreo debeu ceder de novo, sendo talvez causa das reformas posteriores.

Entre o material atopáronse abundantes fragmentos de cerámica de mesa, con abundante presenza de TSH, xunto con fragmentos de bracarense e vidros, en canto a fase alto-imperial, así como numerosos anacos de pratos e fontes con engobe vermello pompeiano, que nos leva a tempos máis tardíos. Tamén foi abundante a cerámica de cociña, así como varios fragmentos de morteiro. A maior presenza desta tipoloxía cerámica nos niveis de recheo e revolto superiores indican un importante arrasamento, seguido dun longo estadio de abandono. Xa en época moderna escaváronse no soar varios pozos, dous dos cales en uso ata a demolición dos predios contemporáneos, cuxos alicerces se superpoñen e desmontan parte das estruturas romanas. Interesante foi tamén a abondosa aparición de moedas, de difícil lectura polo alto grao de corrosión, ademais doutros obxectos de bronce, como un anel, dúas fíbulas anulares, alfinetes e unha caixiña de selo. Atopáronse tamén varios anacos de lucerna e un gran número de pesos de tear, fichas de xogo e discos de tégula repicada que farían as veces de tampas para xerras ou vasillas de boca estreita.

Tanto os restos materiais como os construtivos lévannos a interpretar os restos exhumados como antigas *tabernae* do Xinzo romano. Parte da bibliografía referente ao pasado romano de Xinzo identifica coa antiga *Civitas Limicorum*; non obtivemos datos que permitan afirmar isto con rotundidade, pero si evidencian a existencia dun importante asentamento romano no subsolo da vila, fose ou non a capital do Límicos. □